

## CONCURSO DE FOTOGRAFÍA NADAL 2020

### “IMAXES EN RUTA”

As concellaría de Deportes e de Xuventude do Concello do Grove ofrécenlle á veciñanza do municipio a posibilidade de participar nunha actividade programada para as vacacións do Nadal que mestura actividade física, mocidade, convivencia en familia, aire libre, natureza e fotografía

- **Obxectivos da actividade**

Practicar actividade física.

Apoiar o traballo en equipo reforzando a convivencia familiar.

Ofrecer á nosa mocidade un plan de actividades durante o período de vacacións escolares.

Potenciar a creatividade artística, concretamente a fotografía, captando imaxes da rutas que máis queiran destacar e que dean fe de que están visitando esa zona.

Usar a fotografía como ferramenta para a posta en valor do patrimonio xeolóxico, histórico, arqueolóxico e natural.

- **Participantes**

As persoas participantes deberán ser todas membros dunha unidade familiar, onde unha, polo menos, será menor de 18 anos.

- **Funcionamento da actividade**

O Concello do Grove ofrece a realización de tres rutas, onde cada grupo participante realizará polo menos dúas.

O concurso consiste en que cada grupo capte dúas ou tres fotografías que amosen a beleza do lugar e que mostren que todas as persoas participantes realizaron a ruta completa. Entre estas fotografías deben escoller unha delas para participar no concurso, na escollida non poden aparecer rostros.

Estas fotografías serán enviadas ao correo electrónico da técnica de deportes ([tecnicodeportes@concellodogrove.es](mailto:tecnicodeportes@concellodogrove.es)) entre os días 7 e 10 de xaneiro de 2021.

Persoal da OMIX e de Deportes comprobarán o cumprimento dos requisitos de cada grupo e publicarán a foto escollida polas familias no Facebook institucional do Concello do Grove. Esta publicación farase o luns 11 de xaneiro de 2021.

**O público terá de prazo entre o 11 e o 18 de xaneiro de 2021 para votar a foto que máis lle guste. A foto con máis “gústame” será a premiada.**

- **Rutas propostas:**

Para poder participar no concurso é preciso facer **dúas** rutas das tres suxeridas, aínda que aconsellamos a realización de todas:

- *RUTA 1. PASEO DE MADEIRA DE SAN VICENTE*

Saída do Porto Deportivo de Pedras Negras ata o remate da pasarela de madeira (ida e volta).

- *RUTA 2. RUTA LAVAGUEIRA-MOREIRAS*

Dende a praia da Lavagueira ata detrás do acuario (despois do paseo das esculturas). Ida e volta.

- *RUTA 3. O CORGO -ILLA DA TOXA*

Saída da Praza do Corgo, volta á Toxa e chegada á praza, de novo.

*Os percorridos están pensados para facer camiñando, coa excepción da ruta dende O Corgo ata a Illa da Toxa, que se pode realizar en bicicleta.*

- **Requisitos das fotografías**

1. O número máximo de fotografías para presentar por unidade familiar será de tres por ruta, deben escoller unha delas para participar no concurso, na fotografía escollida non poden aparecer rostros.
2. Teñen que ser orixinais e feitas polas persoas participantes durante as rutas dentro do prazo establecido.
3. Deberán levar un título e non poden estar retocadas dixitalmente.
4. Debe ser presentada en formato dixital (JPG ) e con boa calidade.
5. As imaxes poden estar feitas en cor ou en branco e negro.

- **Inscripción**

O período de inscrición da actividade é dende o 14 ao 18 de decembro.

A inscrición pode realizarse presencialmente nas oficinas da OMIX ou da técnica de Deportes (Casa do Concello, 2º andar) ou por vía telemática enviando o documento de inscrición ao seguinte correo: [tecnicodeportes@concellodogrove.es](mailto:tecnicodeportes@concellodogrove.es).

Teléfonos de contacto: 986730609 (OMIX)- 986104411 (Técnica Deportes).

As fotografías deberán incluír os datos da persoa que tramitou a solicitude.

- **Premios**

A fotografía gañadora publicárase no mesmo perfil de Facebook, así como na páxina web do Concello do Grove.

***Todas as familias participantes levarán un agasallo pola súa participación e a gañadora, a que consiga máis “gústame” no perfil de Facebook do Concello do Grove, levará 200 €.***

*No caso de que empaten dúas familias, o premio repartirase entre as dúas. Se o empate fose entre máis de dúas familias, ampliarase un día máis a publicación no Facebook e, polo tanto, o tempo para seguir votando.*

- **Prazos**

Inscrición: 14- 18 de decembro de 2020

Envío de fotografías: 7-10 de xaneiro de 2021

Publicación de fotos para comezar a votación: 11 de xaneiro de 2021

Período de votación: 11-17 de xaneiro de 2021

Resultados dos premiados: 19 de xaneiro de 2021

- **Medidas COVID**

É obrigatorio o uso da máscara durante a realización das rutas anque se faga co grupo de convivencia familiar.

Manterase a distancia de seguridade co resto de persoas que estean realizando a mesma ruta.

Utilizarse o xel hidroalcolico no caso de contacto ou manexo de calquera obxecto alieo á familia participante.

---

*\* Para que se poda levar a cabo o concurso debe haber un mínimo de catro inscricións.*

*\* Os departamentos de Deportes e Xuventude do Concello do Grove resérvase o dereito de eliminar algunha fotografía se esta vulnera dereitos persoais, resulta ofensiva ou discriminatoria.*

*A participación no presente concurso supón a aceptación íntegra das bases.*



**FOLLA DE INSCRICIÓN Nº \_\_\_\_\_**  
**CONCURSO: IMAXES EN RUTA**

**DATOS DO REPRESENTANTE (Maior de idade)**

NOME COMPLETO

IDADE

ENDEREZO

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

• **PARTICIPANTE DO MESMO GRUPO FAMILIAR**

NOME COMPLETO

Relación familiar  
Idade

• **PARTICIPANTE DO MESMO GRUPO FAMILIAR**

NOME COMPLETO

Relación familiar  
Idade

• **PARTICIPANTE DO MESMO GRUPO FAMILIAR**

NOME COMPLETO

Relación familiar  
Idade